

# A MIÑA NOITE CON MAUD

# 958

Éric Rohmer, 1969

ESTREA EN NUMAX: 05.07.2022 | V.O.S.E. | +12 | 105 min.

Jean-Louis, un enxeñeiro católico de 34 anos, descobre un día á saída de misa a Françoise, unha muller loita, e presinte que algún día vai casar con ela, pero pérdela entre a multitude. Por outra banda, o seu vello amigo Vidal, marxista convencido, lévao a casa de Maud, unha muller fermosa e divorciada.

«Unha das máis grandes películas do mestre Rohmer, exemplo de cinema vital, imaxinativo, que fai da lucidez a súa mellor arma»

Miguel Ángel Palomo, EL PAÍS



# A MIÑA NOITE CON MAUD

Éric Rohmer, 1969

## Falar con alguén

Por Roger Ebert

*A miña noite con Maud*, de Éric Rohmer, trata do amor, de ser católico, da linguaxe corporal e dos roles sociais. Pode que sexa o mellor filme que eu vira xamais sobre estes catro temas. É, ademais, un filme refrescantemente intelixente, non tanto desde o punto de vista académico ou ideolóxico como pola profundidade desde o punto de vista do coñecemento humano. Un consello ao espectador: non a vexa un día que quere simplemente pasar o rato, agarde até atopar nun estado de tranquilidade e con tempo para falar despois. Paga a pena a recompensa.

Jean-Louis Trintignant está perfectamente crible como devoto católico de 34 anos solitario e sensible que preferiría estar casado ca solteiro. O home toma moi en serio as ensinanzas da igrexa sobre o noivado e o matrimonio e é elocuente á hora defender as súas ideas cos seus amigos que opinan distinto. Traballou no estranxeiro pero, no momento en que o vemos, é empregado de Michelin nunha cidade de provincias e está namorado na distancia dunha muller loira que ve os domingos na misa e coa que nunca falou. Todo o que fai é ver como ela conduce unha moto a través das rúas.

Un día atopa un vello amigo que o leva a casa da súa prometida: Maud. Maud está divorciada e sae co amigo de Jean-Louis pero non quere casar con el. A ela agrádalle Jean-Louis e pídelle que quede cando o seu amigo ten que marchar.

O que segue logo é unha das escenas de comportamento humano máis maravillosas que poden lembrar ter visto nun filme. Ambos falan toda a noite. Maud leva un camisón e está apoiada nunhas grandes almofadas. Jean-Louis senta nunha ou outra cadeira e camiña polo cuarto. Falan de sexo, amor, matrimonio e divorcio. A conversa móvese entre a frivolidade e a intimidade e ás veces atopa a maneira certa de afastarse.

A coreografía da escena reflicte perfectamente o seu contido. Ocasionalmente, Jean-Louis senta na beira da cama. Nunha ocasión mesmo ten que debuzarse sobre ela para lle compartir unha confidencia. Pero logo retírase. Ela pídelle un cigarro nunha ocasión, un grollo de auga noutra. Estas son tácticas para atraelo máis preto e el ten as súas. Pero hai veces nos que ela lle di que está a violar o seu espazo persoal ou o seu territorio imperativo ou como queiramos chamarlle. El le esas alertas e arrédase como quen non quere a cousa.

Escribir sobre esta longa e magnífica escena é inaxeitado, cómpre vela. É un triunfo da dirección, desde logo. Debido a que Rohmer mantén a súa cámara prendida durante longas tomas, o elenco flota libre na escena a partir dunhas poucas instrucións previas acadando así unha relación moi profunda entre si. A escena é dunha gran sutileza pero calquera que tentase nalgunha ocasión ler a mente doutra persoa vai ficar fascinado por ela.

O resto do filme agroma desta escena, expandíndoa e comentándoa, cunha coda final silenciosamente reveladora que ten lugar cinco anos despois e aclara algúns detalles sobre as diversas relacións do filme. *A miña noite con Maud* foi todo un éxito cando a vin no Festival de Nova York en 1969 e non é sorprendente. Reconforta ver un filme no que os personaxes teñen crenzas e vontade para falar con alguén (en lugar de a alguén). É tan bo que, ao velo, decátaste do famentos que estamos desta caste de acontecementos.